

Santiago, 27 de agosto de 2021

Estimadas familias:

Falta moi pouco para o inicio do novo curso 2021-2022, e por este motivo queremos poñernos en contacto convosco e trasladarvos algunha información que pode ser do voso interese.

Como xa saberedes polos medios de comunicación, estes días tanto o Ministerio de Educación como a Consellería están traballando para resolver e aprobar as medidas a adoptar este curso ante a evolución actual da pandemia COVID-19.

Estamos, polo tanto, á espera de cales van ser as medidas definitivas que imos aplicar nos centros educativos a partires de setembro, das que seredes informados puntualmente en canto se fagan públicas.

Lembramos nesta circular algúns temas de carácter xeral:

- O curso 2021-22 dará comezo o día 9 de setembro para Educación Infantil e Primaria, e o 15 de setembro para Educación Secundaria. Na vindeira semana achegarémosvos información sobre os horarios e o protocolo a seguir nas entradas e saídas.
- O calendario e convocatoria extraordinaria de setembro para as recuperacións de materias na ESO están ao voso dispor desde o

mes de xuño na Plataforma Educamos e na páxina web do Centro.

- O servizos de comedor, transporte escolar e madrugadores manteranse coas adaptacións pertinentes atendendo ao protocolo COVID. Antes de empezar as clases teredes esta información na páxina web, na plataforma Educamos e no taboleiro da entrada do colexio.
- Os titores chamarán a todas as familias de nova admisión na primeira semana de setembro para convocalas no centro.

Queremos trasladar desde o Equipo Directivo todo o noso ánimo e apoio para sacar adiante este novo curso escolar. Insistimos en que os centros escolares son entornas seguras, así nolo confirman a nosa experiencia e os datos estatísticos do curso anterior.

Agradecemos de antemán ás familias a confianza depositada no noso centro, así como a actitude responsable e comprometida coa saúde pública e co ben común. A saúde é cousa de todos e todas!

Un afectuoso saúdo

O Equipo Directivo